





CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)

En Santiago de Compostela, 16 de abril do 2021


REUNIDOS



José Luis Costa Pillado, en representación do Consello Consultivo de Galicia (en diante CCG), actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 18 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia;



Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 29 de novembro de 2019;



As partes se recoñecen de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio.

En virtude do anterior,

EXPOÑEN

I. O Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional.



II. A FEGAMP está lexitimada para firmar o presente convenio, amparada nos seus Estatutos e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (Disposición Adicional Quinta).

Así mesmo, respecta a autonomía local de cada un dos seus asociados e centra o seu labor diario nas funcións recollidas nos seus estatutos fundacionais:

- Fomentar e defender a autonomía das Entidades Locais
- Promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras administracións públicas.
- Calquera outro que afecte ou incida de forma directa ou indirecta aos seus asociados ou á propia Federación.

Con esta finalidade, a FEGAMP ten capacidade para:

- Facilitar intercambios de información mutua.
- Constituír servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- Organizar e participar en reunións, seminarios, congresos e xornadas de estudo e orientación.
- Dirixirse aos poderes públicos, intervindo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecta aos Entes Locais.
- Promover publicacións, estudos e documentos informativos en materias da súa competencia.

III. A FEGAMP, no marco das funcións descritas, está interesada en formalizar unha relación de cooperación e colaboración institucional coa finalidade de contribuír á promoción e apoio ao coñecemento, á investigación e á difusión do coñecemento xurídico.



Como consecuencia de todo o exposto, en atención aos obxectivos comúns de promover unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable, en definitiva, eficiente e útil de cara a todos os cidadáns, é de interese ás partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración en materias de interese común a fin de redundar nun mellor cumprimento das respectivas funcións.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio, en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- MARCO DE COLABORACIÓN

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o CCG e a FEGAMP para o impulso e desenvolvemento das actuacións descritas no mesmo, de acordo cos principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as administracións públicas establecidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segunda.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio regular a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter divulgativo e investigador en materias de competencia das institucións asinantes, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía galega.

Terceira.- ACTUACIÓNS DAS PARTES

Para a consecución do obxecto do convenio, as partes asinantes conveñen os seguintes compromisos de colaboración:

a) Por parte do CCG:



Facilitar o acceso por parte da FEGAMP ás bases de datos de ditames do CCG.

Remitir os resumos da doutrina elaborados pola Sección de Estudos e Informes que non son obxecto de publicación na páxina web do CCG aos que se refire o artigo 21 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e que poidan resultar de interese para as Entidades Locais, así como a remitir os ditames máis relevantes para a Administración local no prazo máis brevemente posible desde a súa aprobación e as memorias anuais da institución.

b) Por parte da FEGAMP:

Divulgar entre as Entidades Locais de Galicia todos os resumos da doutrina dos ditames máis relevantes do CCG.

Exercer de canle de comunicación entre o CCG e as Entidades Locais de Galicia en todo tipo de materias de interese para estas.

Difundir e fomentar o uso entre as Entidades Locais de Galicia das ferramentas de comunicación electrónica para a remisión de solicitudes e consultas ao CCG.

c) Por ambas partes:

Realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.

Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste convenio.


Cuarta.- RESPONSABILIDADE

A contratación de persoal para o desenvolvemento do presente convenio non implica relación laboral algunha entre estes traballadores e a FEGAMP ou o



CCG, polo que non se poderá esixir a ningunha destas institucións responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións que son obxecto do mesmo.

Quinta.- COMPROMISOS DAS PARTES




As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder á edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato ou soporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto .

O presente convenio non contempla a existencia de gastos que requiran o establecemento dun sistema de financiamento no mesmo, considerando que os derivados do cumprimento do acordado non implican incremento dos programas ordinarios de gasto e investimento de cada institución.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

Sexta.- VIXENCIA DO CONVENIO



O presente convenio terá vixencia desde o día seguinte da súa formalización e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo da súa prórroga mediante acordo expreso das partes por períodos anuais ata un máximo de catro anualidades, tendo en conta o disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A resolución deste convenio non afectará ao desenvolvemento das actuacións específicas que se atopen en execución, que se manterán ata a súa total conclusión.



Sétima.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Oitava.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Novena.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade do Consello Consultivo de Galicia e da Federación Galega de Municipios e Provincias e formalizarase mediante a subscripción da correspondente addenda ao mesmo.

Décima.- EXTINCIÓN

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen ter acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- b) O incumprimento por algunha das partes de calquera das súas obrigas.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista noutras leis.

En proba de conformidade cos termos expostos, os comparecentes, na representación que ostentan, asinan para este só efecto e por cuadruplicado, no mesmo lugar e data anteriormente indicados.



O presidente do Consello Consultivo
de Galicia

José Luis Costa Pillado

O presidente da Federación Galega
de Municipios e Provincias

Alberto Varela Paz